

CUESTIÓN TEORICA 3 (OPCIÓN A) ANTROPOLOXÍA E POLÍTICA EN PLATÓN:

A noción do ser humano

o dualismo entre mundo intelixible-mundo sensible tradúcese agora na antropoloxía no dualismo corpo-alma, pois son as súas partes que constitúen o ser humano.

O corpo (soma) é un cárcere para a alma, pois o corpo é material, imperfecto, mutable e despreciable; pertence ó mundo sensible; é un aloxamento temporal para a alma. Tamén utiliza outras metáforas: piloto-nave, xinete-cabalgadura ... pero en todas elas deixa clara a función directiva da alma.

A alma (psyche) ten unha natureza ben diferente, é espiri tual, eterna, inmortal, simple, pertence ao mundo intelixible.

A unión de corpo e alma é unha unión accidental, incómoda e transitoria, pois son de naturezas heteroxéneas e atópanse vinculadas no mundo sensible pero a alma que pertence ao outro mundo desexa liberarse do corpo e voltar ao seu propio lugar que é o mundo das Ideas.

A actividade máis propia da alma é a contemplación das Ideas, por isto é considerada principio de coñecemento racional. Isto conségueno pola purificación, que consiste na liberación do corpo e de todo o sensible para poder acceder ás Ideas; esta liberación non será total ata o momento da morte, pero durante a vida a alma ten que controlar o corpo.

O acceso ao mundo das Ideas ten lugar a través do coñecemento, pero para Platón "coñecer é recordar". Esta é a teoría da **reminiscencia** ou do recordo (anámnesis), que se basea na idea de que a alma antes de vir a este mundo contempla as Ideas, pero ao caer no corpo esquece todo, mais algo queda na alma como idea innata. Recordando, a persoa recupera o que xa sabía, o verdadeiro ser das cousas, as Ideas. Coa reminiscencia completamos os procedementos para coñecer as Ideas, pero para recordar precisamos da alma e da súa inmortalidade.

Nesta concepción da alma inmortal, Platón ten claras influencias da teoría pitagórica.

A alma é fonte de movemento, móvese a si mesma e tamén move o corpo. Para o noso autor o que se move a si mesmo é inmortal e inxénito. Polo tanto o ser humano é a súa alma, pois esta é superior ao corpo xa que o anima, lle dá vida e gobiña.

Na constante revisión que Platón fai do seu pensamento pódese observar como no Fedón plantea un dualismo corpo/alma (materia/espíritu) en correspondencia co dualismo ontolóxico mundo sensible/mundo intelixible; e máis tarde no Fedro mitiga e corrixe esta visión abismal, apuntando elementos irracionais na mesma alma ó plantexar a estrutura tripartita da alma.

Así pois, a alma está estruturada en tres partes diferentes que hai que entender como funcións e non como partes (pois sempre fala da simplicidade da alma, e o simple non admite partes). Hai unha parte racional que no mito do carro alado é o cocheiro-auriga; cumpre a función máis noble, pois coñece intelctivamente e dirixe as outras dúas partes: a irascible representada polo cabalo bo e fermoso; simbolizando o valor e a vontade, este deixase conducir doadamente. A terceira función é a concupiscible, representada polo cabalo feo e malo, difícil de guiar, simbolizando o desexo e a paixón

sensible. No mito relata como o auriga (función racional) aínda coa colaboración do cabalo dócil e bo (función irascible) perde o equilibrio por causa do cabalo malo (función concupiscible) e precipítase no mundo sensible, caendo no corpo.

Neste mito Platón tenta solucionar o problema do racional e irracional do ser humano apelando á necesidade do goberno da función racional sobre a irracional. Podemos dicir que Platón descobre a importancia do conflictivo na mente.

Unha vida boa consistirá en que cada parte da alma funcione axeitadamente no seu propio lugar, e un individuo será dono de si mesmo cando os sentimentos e paixóns obedezan ao seu intelecto (o auriga). A razón que dirixa a alma ten que ser formada mediante educación (paideia) que consistirá en voltar a mirada cara á Idea de Ben que alumea e ilumina as Ideas polo camiño da dialéctica ata acadar a harmonía ou Xustiza.

A inmortalidade é a característica propia da alma, a alma está unida ao corpo, pero esta tende a seu lugar natural que é o mundo das Ideas, pois alma e Ideas son semellantes: inmateriais, simples, indivisibles, incorruptibles e, polo tanto, inmortais.

Tamén argumenta a inmortalidade da alma como posibilidade de ser premiada ou castigada, pois se morrera co corpo non podería ser xulgada e sería inxusto.

¿Que acontece cando a persoa morre? Disto fala en diversos diálogos (Fedón, Fedro, Gorgias e no famoso mito de Er na República) que podemos sintetizar dicindo: despois da morte, as almas son xulgadas por un tribunal e teñen unha sentenza. As almas que foron purificadas totalmente marcharán á rexión das Ideas eternas, onde serán felices. As almas non purificadas irán ao Hades, rexión infernal, onde serán castigadas a padecer ruíns sufrimentos. Pasado un tempo, ante un tribunal escollen a súa nova encarnación libremente, facendo así recaer sobre cada alma a responsabilidade da súa nova vida na terra. Poden elixir a reencarnación segundo o grao de virtude que cada unha queira (filósofo, comerciante, artista, profeta, poeta, labrego, sofista ou tirano, ás veces incluso nun animal). Como son almas aínda non purificadas non escollen a do filósofo por estaren cegadas pola paixón, moitas veces escollen reencarnacións inadecuadas. Antes de se reencarnar beben auga do río e esquecen toda a súa existencia anterior.

Ética e Política

A obra platónica nace dunha preocupación ética. Para Platón a ética ten como finalidade que o individuo acade a felicidade, e esta atópase na práctica da virtude. A Política será a ciencia de organizar a Polis para que esa práctica da virtude sexa posible. Polo tanto, será necesario saber que é o Ben, e para isto consolida a súa teoría das Ideas que fundamentará de xeito metafísico a ética e a política.

A virtude (areté) é un camiño cara o ben e a xustiza. Podemos conectar isto coa Teoría das Ideas, pois a Xustiza en si, o Ben en si ... son os criterios para diferenciar o bo e o malo, o xusto e o inxusto; as Ideas son valores. Para sermos felices teremos de conxugar o pracer e a sabedoría; só deste xeito poderemos acadar o sumo Ben, que implica proporción, harmonía, verdade e beleza.

A virtude pode equivaler a sabedoría, que consiste na contemplación das Ideas. Platón, en liña co intelectualismo moral de Sócrates identifica virtude con saber e con felicidade.

A virtude tamén pode equivaler a purificación como saúde da alma; a persoa virtuosa é a que purifica a súa alma das paixóns e se desprende do corpo para poder ascender ás Ideas. Así a alma purificada é aquela na que cada parte da mesma cumpre a súa función: a racional, a sabedoría e a prudencia (sofía, frónesis), a irascible, a fortaleza sendo valerosa (andreia), e a concupiscible, a temperanza sendo atemperada (sofrosine).

A virtude será o equilibrio ou harmonía das tres partes que Platón identifica coa Xustiza (diké).

Así pois, a Xustiza é unha especie de saúde no individuo, unha forma de "vivir ben", e a inxustiza unha especie de enfermidade, "un vivir mal". Deste xeito podemos concluír que é o máis beneficioso para o ser humano, pois o que vive ben é feliz e o que vive mal é desgraciado.

A virtude é un concepto clave, pois conecta os núcleos do pensamento platónico:

- Busca o coñecemento do Ben, ascensión dialéctica ao mundo das Ideas.

- Pretende purificar a alma transcendendo o mundo sensible.

- Só na cidade xusta é posible educar aos cidadáns xustos. O individuo por si só non pode chegar á perfección, faise necesario o estado ou comunidade política. A idea de persoa realízase na comunidade.

A organización da Polis

A República é o diálogo onde fai a exposición máis completa e sistemática do seu pensamento político. O título en grego era Politeia, que significa cidadanía e constitución, é dicir, a polis en canto conxunto estruturado e dotado de vida propia: leva como subtítulo "sobre a xustiza" pois vai ser esta o tema central do diálogo. Esta obra pode considerarse unha utopía, no sentido que establece un modelo de organización social construído con criterios exclusivamente teóricos. Unha utopía que deriva dunha crítica á sociedade do seu tempo. Platón tenta dar resposta á crise social e os problemas políticos da polis ateniense: a corrupción, o mal funcionamento da xustiza, a prevaricación cos cartos e o poder...

Mais do 50% da obra platónica trata temas políticos, alén das páxinas de contido político, nun sentido amplo, podemos dicir que Platón está principalmente interesado pola fundamentación da política. A importancia da política no seu pensamento é tal, que se pode dicir que esta foi a motivación que lle levou a construír a súa Teoría das Ideas para así poder xustificar a súa teoría política.

O ser humano é un ser social por natureza; os individuos necesitan uns dos outros e deste xeito prodúcese o pacto social (no sentido de que aceptan a orde establecida polos gobernantes como medio para a felicidade de todos).

A orde social xorde ao resolver o problema da non autosuficiencia do individuo, establecéndose a división do traballo que leva á aparición de clases ou estamentos que se definen pola función que cumpren na sociedade. Toda a organización social está baseada no principio de especialización.

Para Platón este principio de especialización debe estar baseado, tanto nas necesidades da cidade como nas capacidades dos individuos, pois só así conseguirán estes a felicidade. Entre individuo e cidade establécese unha relación de reciprocidade: o individuo só pode facerse perfecto nun estado perfecto e á inversa, o estado só pode ser perfecto se os seus cidadáns son virtuosos.

Para Platón existe unha clara correlación entre alma e estado, "na alma de cada un hai as mesmas clases que na cidade e no mesmo número" (Rep. 441c). A estrutura da cidade atópase reflectida na alma e viceversa, por iso a ética coincide coa política: só na cidade xusta é posible educar a homes xustos.

Estructura e organiza a sociedade en tres clases rixidas:

-Os produtores (demiourgoi): atenden as necesidades máis elementais da vida humana: alimento, vivenda e vestido, dan do lugar a tódolos oficios: labrego, constructor, tecedor, pastor, carpinteiro, comerciante ... Todos estes compoñen a base económica, son a clase productiva.

-Os defensores ou guerreiros (phylakes): adócanse ao mantemento da convivencia social, á ampliación do territorio e á defensa da cidade das agresións exteriores. Establece un exército profesional de persoas escollidas entre os cidadáns que posúan virtudes especiais para esta función (forza, coraxe, rapidez e amor á verdade). Estes han de ser educados e entrenados para esta función.

-Os gobernantes (archontes): estes serán os millares de entre os gardiáns, que a partir dos seus dotes naturais serán rixidamente educados na busca da verdade -Epistémē-. Estes como xa sabemos son os filósofos, pois coñecen o Ben.

O estado é coma un individuo de gran tamaño, a súa estrutura social correspóndese coa estrutura tripartita da alma (racional, irascible, concupiscente). Pois os filósofos, sabios e prudentes, son os máis aptos para o goberno; os gardiáns guerreiros coas virtudes da fortaleza e o valor defenderán á comunidade. Estas dúas son as clases superiores, só en canto a virtude, unha especie de superioridade de tipo intelectual. A terceira clase, a dos produtores, coa virtude da temperanza subministrarán os medios materiais que a polis necesita. Todas as clases son necesarias, pero cada unha ten unha dignidade e un status.

A xustiza é o obxectivo do estado perfecto, é a virtude da cidade. Platón establece un paralelismo entre a xustiza do estado e a xustiza do individuo, pois se no individuo a xustiza consiste na ordenación das partes da alma según a disposición ou virtude que lle é propia, na cidade consiste en que cada unha das clases sociais cumpra co seu cometido propio. A xustiza é unha virtude política, é a máis alta das virtudes e acádase por medio da política, deste xeito Platón fai nos ver como a política é a conclusión de toda a tarefa do filósofo e subordina a ética á política.

A igualdade de sexos e a abolición da familia son tamén puntos importantes. Platón apunta que as mulleres están igualmente dotadas en canto ás súas capacidades que os homes, exceptuando a forza física, polo tanto han de ser educadas nas mesmas esixencias que os homes para logo poder acceder ás mesmas funcións sociais, incluso á guerra. Fala tamén de abolir a familia por estar vinculada á propiedade e aos instintos egoístas. Pero este regulamento vai ser específico para a clase gobernante e a defensora, pois estes teñen que estar por riba dos intereses particulares e das tentacións interesadas egoístas, procurando unicamente o ben común.

As formas de goberno

Para Platón a Historia dos sistemas políticos pode entenderse como un ciclo de decadencia: de cada constitución sae outra aínda peor.

A monarquía ou aristocracia, é a forma máis perfecta de goberno, pois é o goberno dos mellores. A decadencia desta forma orixina a timocracia, ou poder militar, e cando esta dexenera dá lugar á oligarquía, minoría cobizosa e rica que explota aos outros homes, pero estes, cando fartan, rematan con eles e apodéranse do goberno orixinando a democracia. Pero a masa non está preparada para gobernar e posibilita que o máis demagogo tome o poder e se erixa en tirano, suprimindo as liberdades; a tiranía é a forma de goberno máis dexenerada; todas estas formas son cíclicas e da tiranía pásase novamente á monarquía.

Pódese establecer un paralelismo coas formas da alma. A alma perfecta é aquela na que as súas tres partes se ordenan na forma que lle é propia (a racional dominando sobre as outras dúas inferiores). A dexeneración da alma comenza cando as partes inferiores pretenden ser os principios rectores.

A idea central do proxecto político de Platón é a eliminación do egoísmo e o intento de crear un tipo humano que sinta solidariedade polos seus semellantes. A súa proposta potencia e sistematiza as bases da dimensión política do ser humano. Tamén posibilita a crítica nos autores posteriores que pouco a pouco consolidarán o pensamento político.